

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ/A DE PAZ.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 14 de maio de 2024, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, persoal, novas tecnoloxías e seguridade cidadá do 23 de maio de 2024.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Considerando que, de acordo co solicitado pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante Providencia da Alcaldía do 2 de abril de 2024 iniciouse expediente para a elección de Xuíza/Xuíz de Paz titular do Concello de Teo de acordo co previsto na normativa aplicable.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 4 de abril de 2024 (nº 427/2024), aprobouse a convocatoria pública para cubrir a vacante de Xuíza ou Xuíz de Paz titular do Concello de Teo, conforme as bases incorporadas ao expediente, resolvéndose proceder a realizar a convocatoria pública mediante a súa publicación no BOP da Coruña e, mediante edictos, no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Santiago, no propio Xulgado de Paz, na web municipal e na sede electrónica.

Considerando que dando cumprimento ao citado Decreto, a convocatoria pública foi remitida ao Xulgado de Paz de Teo (rex. saída nº 20240000000704, do 04/04/2024) e ao Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Santiago (rex. saída nº 20240000000707 do 04/04/2024), publicándose no taboleiro de edictos do Concello de Teo (04/04/2024), na web municipal (04/04/2024), no BOP da Coruña (10/04/2024) e na sede electrónica (11/04/2024).

Considerando que, segundo o informe do administrativo xefe do negociado de servizos xerais, do 14 de maio de 2024, durante o prazo habilitado ao efecto, presentáronse solicitudes polas persoas que se relacionan a continuación:

- D. Manoel Amado Ogando - 12/04/2024 (rex.de entrada nº 202499900001013)
- D.^a Iria Uzal Garazo – 18/04/2024 (rex. entrada nº 1491)
- D.^a Irea María Llovera Salgado – 19/04/2024 (rex. entrada nº 1509)
- D. Francisco Xabier Allegue Torre - 03/05/2024 (rex. entrada nº 1691). Depositada en correos o 30/04/2024.

Considerando que, unha vez revisada a documentación, as catro persoas interesadas axústanse as bases que rexen a convocatoria, reunindo as condicións legalmente establecidas.

Visto o informe de Secretaría do 3 de abril de 2024, incorporado ao expediente.

De acordo co disposto na Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder xudicial (LOPX), Lei 39/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e Planta xudicial (PDPX) e Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz (RXP), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Elixir como Xuíza de Paz titular do Xulgado de Paz do Concello de Teo a D.^a Iria Uzal Garazo, por considerar, en base aos seus méritos e experiencia previa, que é a persoa máis idónea para o desenvolvemento do cargo.

Segundo.- Remitir o presente ao Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Santiago, para que o eleve á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

(...)

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade dos seus membros e co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro.- Elixir como Xuíza de Paz titular do Xulgado de Paz do Concello de Teo a D.^a Iria Uzal Garazo, por considerar, en base aos seus méritos e experiencia previa, que é a persoa máis idónea para o desenvolvemento do cargo.

Segundo.- Remitir o presente ao Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Santiago, para que o eleve á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A secretaria xeral

Visto e praxe
A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz